

# AGORA

*docentes* 2018

SALARIO - EMPREGO - DEREITOS *ensino público*

**Programa electoral**

**Educación Infantil e Primaria**

**13**    
Cumprimos!



### Programa xeral

O Sindicato de Ensino Público de FeSP-UGT traballou sempre pola mellora do sistema educativo e as condicións laborais e salariais de todos os traballadores e traballadoras do ensino. A defensa dunha educación de calidade para todos, entendida como servizo público e inspirada nos principios de igualdade, solidariedade, liberdade e laicidade, é unha constante da nosa traxectoria.

UGT é un sindicato con capacidade e vocación negociadora. Os avances acadados no Sector de Educación ao longo da historia foron froito de sucesivos pasos adiante. Logros como a xubilación anticipada, os sexenios, a ampliación e estabilidade de cadros de persoal, os niveis retributivos, as ofertas de emprego público ... foron posibles grazas á nosa acción sindical. Acadamos pactos con todo tipo de gobernos, pero tamén confrontamos radicalmente coa única motivación de defender un modelo progresista de escola e as condicións sociolaborais do profesorado.

Os últimos anos foron difíciles para o ensino e os seus profesionais. UGT mobilizouse e denunciou permanentemente a situación de precariedade á que nos levan as políticas actuais, esixindo a reversión dos recortes educativos así como a derogación da LOMCE e o Real Decreto 14/2012 de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo e o desenvolvemento dunha nova lei que conte co consenso da comunidade educativa.

As novas demandas e necesidades da sociedade actual obrigan ao sistema educativo e particularmente ás ensinanzas de réxime xeral a un reaxuste constante (obxectivos, currículos, materias curriculares, mínimos necesarios, metodoloxías, organización, agrupamentos, valores, servizos, ...), que precisa de formación permanente e específica para estas etapas, así como recursos de abondo para fortalecer as primeiras aprendizaxes fundamentais para o posterior desenvolvemento do alumnado.

UGT defende un Estatuto do Funcionario Docente que responda ás demandas do profesorado e que inclúa necesariamente unha auténtica carreira profesional. Desde o sindicato propoñemos unha revisión dos niveis retributivos dos corpos docentes: nivel 24 para mestres de infantil e primaria; nivel 26 para Secundaria, FP, artísticas, deportivas e idiomas e nivel 27 para catedráticos, artísticas superiores e inspectores.

## UGT reclama para mellorar o sistema educativo

- Unha política educativa que defenda e potencie a escola pública como eixe vertebrador do sistema educativo para garantir o acceso universal á Educación.
- O recoñecemento da labor docente como eixe fundamental do sistema educativo.
- Un gasto público en educación abundante e equitativo, cun incremento paulatino de ata o 7% do PIB.
- Proporcionar aos centros os recursos humanos e materiais suficientes para o adecuado desenvolvemento da labor docente.
- A oferta de suficientes prazas públicas que permitan a escolarización de todo o alumnado que o demande.
- Diminución das rateos en todas as etapas educativas como base dunha educación de calidade, para unha atención máis personalizada, especialmente onde a diversidade do alumnado o requira.
- A substitución inmediata das baixas por enfermidade, ausencias por disfrute de permisos e de licenzas.
- Consideración como horario lectivo o adicado a titorías, coordinación, titorización de docentes, proxectos, innovación, ...
- Distribución equitativa do alumnado con necesidades educativas especiais entre todos os centros sostidos con fondos públicos.
- Dotar a centros e profesorado de recursos e ferramentas para a detección, abordaxe e resolución de conflitos.
- O incremento e dotación de cadros de persoal adecuados, representativos de todas as especialidades, en todos os centros, etapas e ensinanzas, tanto do persoal docente coma non docente e potenciar a coordinación cos centros municipais e sanitarios.

## Eleccións sindicais

- Asegurar a oferta e funcionamento dos servizos complementarios.
- Inversión en infraestruturas que permita a creación de novos centros públicos e a remodelación dos antigos ou deteriorados.
- Implantación xeneralizada do tramo 0-3.
- Atención especial aos centros rurais.

## **UGT esixe para mellorar as túas condicións laborais e retributivas**

- Redución do horario laboral a 35 horas e do horario lectivo a 20 horas para Educación Infantil e Primaria e a 18 horas para Secundaria.
- A recuperación do poder adquisitivo e os dereitos perdidos desde o comezo da crise.
- Percepción do 100% das pagas extraordinarias incluíndo a mensualidade e todos os complementos.
- Unha promoción profesional ben retribuída, baseada na acreditación da experiencia laboral e os méritos.
- Recoñecemento profesional e retribuído dos postos considerados de especial dificultade.
- Negociación do Estatuto da Función Pública Docente.
- Mellora das condicións de permisos e licenzas.
- Evitar os desprazamentos forzosos do profesorado ligados á implantación de programas específicos.
- Recuperación do 100% das retribucións na totalidade das baixas por enfermidade.
- Mantemento da xubilación anticipada e voluntaria a partir dos 60 anos.

- Redución da xornada lectiva do profesorado maior de 55 anos.
- Ampliación a un ano do tempo de permiso por maternidade/paternidade, adopción, ou acollemento legal, mantendo o 100% das retribucións.
- A redución da taxa de interinidade ao 5% coa conseguinte ampliación das próximas Ofertas Públicas de Emprego, dando cumprimento ao Acordo de Estabilización Estatal.
- Homoxeneización do baremo de méritos nos Concursos Xerais de Traslados de todas as Comunidades Autónomas.
- A oferta pública de todas as vacantes da plantilla orgánica e la supresión da taxa de reposición co obxectivo de reducir a eventualidade e acadar unha verdadeira estabilización das plantillas.
- Excedencia especial por coidado de fillos menores ou de persoas dependentes ao seu cargo, con reserva de praza e mantemento de todos os dereitos.
- Dereito á xornada laboral continua do docente, compatible co dereito das familias a unha xornada escolar máis ampla.
- Establecemento de medidas específicas para a prevención de riscos laborais e actualización dun Catálogo de enfermidades profesionais.
- Creación da figura do profesor coordinador de Prevención de Riscos Laborais.
- Unha formación permanente, diversificada e flexible, dentro do horario laboral.

## Programa electoral de Educación Infantil e Primaria

### Educación Infantil

A educación infantil (0-6 anos) é unha etapa educativa con identidade propia, que ten como finalidade potenciar o desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos menores e dar resposta as súas necesidades educativas.

Defendemos como premisa fundamental o incremento das prazas de escolarización para o primeiro ciclo da educación infantil (0-3 anos), coa finalidade de acadar o índice que existe no segundo ciclo e así favorecer o desenvolvemento, persoal e social dos nenos, permita a conciliación da vida familiar e laboral, e sexa un medio eficaz para conseguir a equidade e prever o fracaso escolar.

Respaldamos a posta en marcha dunha serie de estratexias encamiñadas ao fortalecemento do Primeiro Ciclo de Ed.Infantil (0-3 anos) e ao mantemento e mellora do segundo ciclo (3-6 anos).

### UGT esixe para esta etapa:

- Redución da carga lectiva a 20 horas.
- Redución de tarefas burocráticas que sobrecargan a labor docente.
- Un maior recoñecemento para os profesionais desta etapa, con melloras nas súas condicións laborais e retributivas.
- Aumento da oferta educativa con redución do número de alumnos por grupo: 8 alumnos para 0-1 anos; 12 alumnos para 1-2 anos; 16 alumnos para 2-3 anos e 18 alumnos para 3-6 anos.
- Implantación xeneralizada do tramo 0-3 con carácter educativo e gratuíto mediante unha oferta pública suficiente.
- Normativa básica que regule os requisitos mínimos dos centros para que non se produzan diferenzas entre os territorios.

- Incremento das plantillas e incorporación de novos profesionais que podan atender adecuadamente as necesidades do alumnado, tanto as educativas como as sociais e emocionais.
- Espazos e materiais suficientes e adecuados para a idade deste alumnado.
- Os profesionais que atenden este ciclo 0-3 deben ser mestres especialistas en Educación Infantil e Técnicos Superiores en Educación Infantil, así mesmo, as Administracións dotarán de persoal complementario e de apoio a estes centros.
- Potenciar a formación específica do profesorado desta etapa en horario laboral.
- Redución horaria para titoría, coordinación e outras funcións.
- Recuperar e incrementar os Equipos de Atención Temperá e outros especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.
- Profesorado de apoio que garantice a atención adecuada aos menores.

## Educación Primaria

A Educación Primaria é unha etapa decisiva para o proceso educativo do alumnado, xa que se adquiren os coñecementos, actitudes, procedementos e métodos elementais que permitirán, na Educación Secundaria, iniciarse en coñecementos especializados e adquirir unha formación básica e común.

A estrutura organizativa da etapa debe permitir diferentes ritmos de aprendizaxe para que o alumnado poda acadar a consecución dos obxectivos.

Para isto, é necesario facilitar instrumentos e recursos aos centros para que se detecten as dificultades de aprendizaxe do alumnado canto antes e se realicen as intervencións necesarias.

Ademais, é necesario potenciar as ensinanzas artísticas e a educación física, incrementando o seu horario para conseguir unha educación integral do alumnado.

### **UGT esixe para esta etapa:**

- ▮ Redución da carga lectiva a 20 horas
- ▮ Redución de tarefas burocráticas que sobrecargan a labor docente.
- ▮ Diminución efectiva de rateos a 20 alumnos.
- ▮ Aumento de plantilla para facilitar desdobres e apoios.
- ▮ Redución horaria para titorías, coordinación e outras funcións.
- ▮ Incrementar os Equipos de Orientación e os especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe en todos os centros.
- ▮ Profesorado de apoio dedicado ao reforzo educativo e á superación de dificultades de aprendizaxe.
- ▮ Espazos e materiais suficientes e adecuados para a idade deste alumnado.
- ▮ Potenciar a formación específica do profesorado desta etapa en horario laboral.

### **Para a escola rural esiximos:**

- ▮ Centros Rurais Agrupados e centros completos con, polo menos, tantos titores de Primaria como unidades.
- ▮ Medidas compensadoras positivas que propicien a estabilidade do profesorado nas zonas rurais.
- ▮ Rateos reducidos e agrupamentos flexibles que compensen o agrupamento de diversos niveis educativos nunha soa aula.
- ▮ Axudas e formación específica do profesorado, tanto inicial como permanente en horario laboral.



## Eleccións sindicais

- Cadros de persoal suficientes que garanticen a atención á diversidade, as labores de reforzo e coordinación, a coordinación pedagóxica, as especialidades, as funcións directivas e de xestión administrativa e as tecnoloxías.
- Actualización económica anual e das condicións laborais do profesorado itinerante.



130

SALARIO - EMPREGO - DEREITOS

Cumprimos!

